

Compostela, 20 -IX- 65

Sr. D. Luis Seoane
BUENOS AIRES.

Benquerido Seoane:

Hoxe recibín de Galaxia a monografía dos teus grabados e pasei un par de horas felices ollando as láminas e léndo o espléndido prólogo que lles puxo Domingo. Quedoume o espírito invadido dun estrano e delicioso pracer, talmente como si tivera batido súpetamente con un requintado i escintilante tesouro. Por eso sinto a íntima tentación de che escribir unhas liñas de cordial felicitación i ó mesmo tempo de sincera gratitude, porque o tesouro, obra do teu traballo creador, é pra todos nós e pra todos os que veñan detrás de nós. O prólogo de Domingo é un breve, agudo e certo ensaio que servirá de pauta interpretativa da tua personalidade e da tua obra, poisque os seus criterios de valoración son atinados e lúcidos.

Xa sei que estás novamente ao fronte da revista do Centro Gallego. Alégrome pola revista e polo prestixio que eso lle dá ao Centro. Figúrome que pra ti, no orde persoal, non deixará de ser unha carga de traballo.

Eiquí en Compostela tivemos --e aínda temos-- un ano de moito rebumbio coas romaxes xacobeas. Confiamos en que tamén vós aparezades calquera día por estas ruas.

Moitos saúdos a Maruxa e de Isabel pra os dous. Pra ti unha forte e cordial aperta do teu amigo

Ramón Piñeiro